



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 18 DE FEBREIRO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D<sup>a</sup>. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
D<sup>a</sup>. Rosario Celia Rey López  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día dezasete de febreiro de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación D. Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao

efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES. Dáse conta de actas de sesións anteriores realizadas os días 26 de novembro e 31 de decembro de 2015, das cales entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, e non presentándose alegacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-las referidas actas.

2.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2016. Dada conta do proxecto de orzamento municipal para o exercicio de 2016 formado polo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, así como, do expediente tramitado para a súa aprobación, e documentación anexa, cadro de persoal coa relación de postos de traballo para dito exercicio, informe de Intervención e ditame favorable da Comisión de Facenda.

Visto os requisitos que establecen os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde da conta nos cambios introducidos no orzamento municipal e a adaptación da estrutura as disposicións vixentes, destaca a porcentaxe destinada a gastos social, partida para o Punto de Atención a Infancia, estudo da modificación urbanística para solo industrial, melloras de camiños, axudas para consumo eléctrico, rehabilitación de antigas escolas unitarias e políticas de emprego e formación. Indica que non se recollen achegas de Agader e FCA por estar pendentes de resolución e incluíranse no momento que sexan aprobadas, se contabilizamos isto o orzamento ascendería a uns cen mil euros máis co ano anterior, pero as contas antes non estaban ben e esperan facelas mellor. Tamén informa dos investimentos previstos con cargo as achegas de Agader, do FCA e dos xa incluídos no orzamento

Polo grupo Popular: o voceiro José Danilo Requeijo Castro alude a reunión mantida sobre os orzamentos e a petición que fixo para que se mire a situación da xente que está a traballar na axuda no fogar a dependencia, xa que a remuneración que lles pagan apenas lles dá para o desprazamento.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

O Sr. Alcalde indica que a empresa ten contrato ata setembro, foi o partido popular quen sacou o servizo a concurso, as condicións non son boas e o que se paga non repercute nas traballadoras, estase facendo un reformulo do problema.

Polo grupo mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey considera que é a primeira vez que se intenta facer uns orzamentos sentándose a dialogar para incluír investimentos que repercutan en todos os veciños, e realizar obras necesarias que de forma resumida expuxo o Alcalde, e actuacións en cultura, infraestruturas, mellor aproveitamento do FCA onde xa houbo que solucionar os problemas do investimento anterior, agora traballan en facer estes primeiros orzamentos como base para continuar co desenvolvemento na mesma liña.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º.-Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2016, con un importe total tanto en gastos coma en ingresos de dous millóns setecentos setenta e un mil cincocentos cinco euros (2.771.505,00 euros) co seguinte resumo por capítulos:

## ESTADO DE GASTOS:

Ca pítulo	Denominación,	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1 Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	353.208,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	857.310,00
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	216.500,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	1.2 Operacións de capital	
6	Investimentos reais	266.932,00
7	Transferencias de capital	0,00
	2. Operacións financeiras	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total orzamento de gastos	1.693.950,00

## ESTADO DE INGRESOS:

Ca pítulo	Denominación	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1. Operacións correntes	
1	Impostos directos	1.036.000,00
2	Impostos indirectos	6.000,00
3	Taxas e outros ingresos	130.200,00
4	Transferencias correntes	503.750,00
5	Ingresos patrimoniais	2.100,00
	1.2 Operacións de capital	
6	Alleamento de investimentos reais	00,00
7	Transferencias de capital	15.900,00
	2. Operacións financeiras	



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

8	Activos financeiros	00,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total orzamento de ingresos	1.693.950,00

2º.-Aproba-las bases de execución do mencionado orzamento.

3º.-Aproba-lo cadro de persoal para 2016 coa relación de postos de traballo de persoal funcionario e laboral, segundo a RPT aprobada en data 31 de decembro de 2015, ao mesmo tempo quedan amortizadas as prazas de persoal laboral fixo que figuraban no cadro de persoal do exercicio anterior e que se atopan vacantes.

4º.-Someter a información pública o orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, segundo dispón o artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.-No suposto de non presentarse reclamacións contra o devandito orzamento e cadro de persoal, consideraranse definitivamente aprobados debendo cumprirse o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, do resumo por capítulos xunto co cadro de persoal, de acordo co disposto nos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6º.-Remitir copia do orzamento mencionado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- DECRETO PERSOAMENTO P.A. 316/2015 DO XULGADO 1ª. INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 1 DE VILALBA. Dada conta da resolución ditada con data 2 de febreiro de 2016 polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Vilalba en Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0000316/2015 contra Issam Alnagm Azzam, no que reclama aportación de documentación relativa a indemnizacións e axudas de custo polos gastos no cargo de Alcalde de Muras.

Visto dito procedemento afecta aos intereses xerais deste Concello, despois de estudado o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º. O exercicio das accións xudiciais e administrativas na defensa dos intereses xerais deste Concello, e a tal efecto persoarse no Procedemento Abreviado 0000316/2015 que se segue no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución Nº 1 de Vilalba contra Issam Alnagm Azzam.

2º. Facultar ao Sr.Alcalde Manuel Requeijo Arnejo para que designe avogado e procurador que defenda e represente respectivamente a este Concello en dito procedemento e nas distintas dilixencias que do mesmo se deriven.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e trinta minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

